

ALÉN DA CHUVIA

Cadernos escolares de literatura ■ maio 2010 ■ N° 2



INSTITUTO EUSEBIO DA GUARDA

Sumario

Ilustración da portada:

Ezequiel Jabares Cubillas.

3 ■ Presentación.

A nosa memoria:

4 ■ “Deixástesnos o voso sorriso”, por María Teresa Rodríguez Taboada.

6 ■ “A ruta do Quixote”, por Ángela Leitão (alumna de 2º bacharelato no curso 2002-03).

Monográfico Uxío Novoneyra, Día das Letras Galegas 2010:

10 ■ Vida e obra de Uxío Novoneyra (por Xulio Cuba Orosa).

16 ■ Uxío e os nenos (por Xosé Pérez Mondelo).

19 ■ Homenaxes a Uxío Novoneyra: Hilario González Fernández. 20 ■ Xosé Pérez Mondelo. 21 ■ Xan G. Muras:

foto de Uxío Novoneyra. 22 ■ Vicente Reboleiro. 23 ■ Uxío Novoneyra: “Volven os pobos...!”.

25 ■ Entrevista con Uxío Novoneyra: “Cada xeración salvará a Galicia”, por Olga Patiño.

29 ■ 11 poemas escollidos para estudantes.

37 ■ Uxío Novoneyra: “Elexía pola aldea. Os derradeiros labregos”.

39 ■ Glosario.

Creación. Poesía:

41 ■ Alejandro Roura Blanco.

44 ■ Francisco Mos Calo. 45 ■ Pablo Otero Fernández.

Creación. Prosa:

46 ■ Antía Figueroa Romero: “O soño”.

47 ■ Yaiza Figueroa Romero: “Escamas douradas”. 48 ■ Román Vello Pombo: “O segredo”.

49 ■ Laura Cortón Cobas: “Resistencia”. 50 ■ Cristina Incio del Río: “O peixe”.

51 ■ Claudia González Caparrós: “Menos mal que chove”. 52 ■

Alejandro Arbaízar Mazás: “A concepción da arte”. 52 ■ María José Martínez Girón: “Un conto só para mulleres”.

Viaxes:

53 ■ Antón Fondo Rodríguez: “Paseo polos ríos: poldras, caldeiras e pontes”.

56 ■ Viaxe a Grecia: Claudia González Caparrós | Alejandro Roura Blanco.

Tradución. Primeiras páxinas:

57 ■ “O estranxeiro”, de Albert Camus.

58 ■ “Moby Dick”, de Herman Melville.

Crítica literaria:

59 ■ “Non hei barqueiro nin remador, o universo poético de Mendiño”, por

Laura Cortón Cobas. 61 ■ *A elegancia do ourizo*, por Helena Pérez Tato. 61 ■ *Festina lente*, por Pablo Pazos Leira. 62 ■ *O club da calceta*, por Laura Cortón Cobas.

63 ■ *Primavera no Lor*, por Ricardo Rama Eiroa. 64 ■ *Un mundo feliz*, por

Érik Calvo García.

Cine:

65 ■ Jaime Pita Varela: “Betanzos e o seu cine”. 66 ■ Daniel Mosquera Martínez: “2009-10: Crítica de cine”.

Fotografía:

67 ■ “Ruth Matilde Anderson, unha ollada de antano”, por Miguel Carballo Noya.

67 ■ “Ruth Matilde Anderson, unha ollada de antano”, por Miguel Carballo Noya.

Coordinación: Xosé Pérez Mondelo e María do Rosario Soto Arias.

Deseño: Xulio Cuba Orosa.

Depósito Legal: C 1570-2010

Este número de *Alén da chuvia* contou coa axuda da Vicedirección e do Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do Instituto Eusebio da Guarda.



Chove pra que eu soñe...

Á memoria dos nosos compañeiros Mari Carmen Romero, Óscar López e Pedro Barros



Dispoñíámonos a acudir á homenaxe de Uxío Novoneyra que lle ían tributar a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e mais a Asociación Cultural O Galo en Compostela o 30 de outubro de 1999, cando se produciu a morte do poeta.

Uxío xunguiu palabras que estarán xuntas para sempre. O poeta ensina a ollar coa curiosidade e co maxín dos nenos. Ollade:

*Que liño
máis igualiño!
Non veña o toupo fozalo
nin veña o torbón deitalo.*

Uxío, señor da serra, Walt Whitman de Galicia, bardo e capitán noso, sempre acudiu á nosa chamada. Volve agora outra volta metido e comprometido coa lingua. Para isto sae outro número de *Alén da chuvia*, para recuperarmos as nosas palabras e gardar a memoria dos nosos amigos en cada pinga de chuvia. A forza do noso amor non é inútil.

Deixástesnos o voso sorriso

◆ MARÍA TERESA RODRÍGUEZ TABOADA,
profesora do IES Eusebio da Guarda, xubilada

O ano 2009 foi depredador para o Departamento de Lingua e Literatura Españolas do IES Eusebio da Guarda da Coruña: dous veteranos profesores, Óscar López Martínez e Mari Carmen Romero Rodríguez, foron arrincados das nosas aulas e do noso lado. Tamén se nos foi Pedro Barros, xa xubilado.



A profesora Mari Carmen Romero

Óscar e Mari Carmen puideron prexubilarse, pero quixeron seguir impartindo as súas clases con ánimo e con dedicación porque estaban en plenas facultades psíquicas e físicas. Eran magníficos profesores, uns entrañables compañeiros e unhas grandísimas persoas.

Polos corredores do instituto parecerá que aínda se escoitan os apresurados pasos de Óscar, ou que se albisca a melena de Mari Carmen, pois a súa presenza física aínda non se extinguiu. Na Sala de Profesores botarase de menos a amena conversación de Óscar e a compracente e atenta mirada de Mari Carmen. Tanto el coma ela foron uns namorados da Literatura e transmitían esta devoción aos seus alumnos. Óscar sentía predilección polo teatro, Mari Carmen pola novela, que dominaba en todas as súas facetas. Pero, sobre todo, eran cultos, afables, cariñosos, educados... Amaban a vida, disfrutaban da amizade, da música, da pintura, da gastronomía, das viaxes e de todo o bo que lles ofrecía esta cidade á que tanto querían. Foron amorosos pais, incondicionais amigos, leais compañeiros, cumpridores ata a abnegación dos seus deberes docentes.

Óscar era de Ferrol, onde se refuxiaba desde que seu fillo Daniel fora estudar a Londres. Na súa etapa como vicedirector do instituto foi un entusiasta instigador de todas as artes escénicas: teatro, ciclos de cine, concertos e concursos. O seu aspecto era o dun estudante da Sorbona coas súas gafas redondiñas, a súa eterna bufanda, as súas présas e as súas palabras amables e galantes para todos. Fixo gala do seu aire xuvenil ata os seus derradeiros días.

Mari Carmen era de Almería. Era filla única, pero foi nai de cinco maravillosos fillos. Coñecina na Universidade de Madrid, na Facultade de Filosofía e Letras, durante o curso 1961-62. Alí chegamos para facer a especialidade de Filoloxía Románica estudantes das Universidades de Santiago, de Murcia, de La Laguna, de Granada, etc. Mari Carmen levaba unha longa trenza que lle descendía desde a caluga ata case a cintura, calzaba altísimos tacóns e ía sempre moi ben aviada. Abandeiraba o grupo de andaluces. Sempre estaba anunciando bailes, viaxes, películas (nas embaixadas de Francia, Italia ou de Estados Unidos) e toda clase de saraos. Era moi dinámica e alegre. Como os galegos tiñamos facilidade para a comprensión das obras en portugués, axudabamos aos demais e desde entón Mari Carmen integrouse e fixo amizade duradeira con algúns de nosoutros, como se fose unha premonición de onde transcorrería a súa vida futura.

Todos recordarémola polo seu dominio lingüístico, polas súas metáforas e polas súas riquísimas creacións idiomáticas: os seus alumnos dividíao en *caritas de ángel* ou en *rabos de lagartija*; se tiña que dedicar o seu tempo aos labores domésticos, dicía que era *flor de hogar*; a reunión ao completo de fillos, nora e xenros era *el Sacro Imperio Romano Germánico*; o espazo do Departamento de Lingua Española era *el iglú*; se algo lle desagradaba, definíao como *gracioso*; os libros eran *joyitas*, *bodrios* ou *plúmbeos*.

Entusiasmábaa viaxar e era unha magnífica compañeira de viaxe. Asesorábase previamente, escoitaba as recomendacións —especialmente as de seus fillos— e documentábase prolixamente. O curioso é que, aínda


que ela tiña un reloxo biolóxico que a esperaba ás seis da mañá diariamente, cando viaxaba falláballe e había que recorrer ao espertador.

A medida que a súa falta de audición aumentaba, foise retirando paulatinamente das salas de cine e dos teatros, non así dos concertos de música da Orquestra Sinfónica de Galicia, aos que acudiu ata que puido. Tamén foi centrándose máis nas lecturas, nas películas subtituladas, nas súas series favoritas de televisión. Pero seguiu viaxando cos alumnos: a Estrasburgo, a París, á Ruta do Español, á Ruta do Quixote... Quedoulle a Ruta do Cid.

Con Mari Carmen estaba asegurada a conversa intelixente e culta, amena, sempre que o seu interlocutor vocalizase correctamente. Tiña un saber enciclopédico e unha memoria prodixiosa. Tiña tempo para todo e para todos. Levaba a Deus dentro do seu corazón.

Os que a coñecemos, os que a quixemos e os que a tratamos sentimos agora un enorme baleiro. Rompeuse o círculo de lectores sabiamente dirixido por ela, xa non temos con quen comentar as últimas novidades literarias ou cinematográficas. Tanto ben fixo, tanto cariño e alegría repartiu para familiares, amigos, alumnos e compañeiros, que a súa derradeira viaxe ao alén comóvenos, déixanos rotos pola pena e destrózanos interiormente. Unicamente a memoria de tantos momentos felices, a saudade da súa tenrura e do seu sorriso axudarannos a aturar a dor da súa ausencia.

A Coruña, 8 de febreiro de 2010



Curral de Comedias de Almagro, visita habitual na Ruta do Quixote.

A ruta do Quixote

A profesora Mari Carmen Romero fixo co alumnado de bacharelato do Instituto Eusebio da Guarda, ata o último momento, a ruta do Quixote. Recuperamos agora unha crónica desta viaxe no ano 2004.

◆ ÁNGELA LEITÃO

O 24 de marzo, ás 7 da mañá, partimos para a ruta do Quixote, a coñecer as terras manchegas máis quixotescas. En Madrid fixemos unha visita guiada do Museo do Prado, onde nos achegamos á obra de Velázquez, Goya e El Greco (ao que volveríamos atopar en Toledo). En Puerto Lápice, a venta que posiblemente usou don Quixote para velar as súas armas e armarse cabaleiro. Chegamos a Ciudad Real á noite e instalámonos no Hotel Doña Carlota, onde pasaríamos as divertidas noites da ruta.

A segunda xornada levounos a coñecer as pequenas paraxes da obra cervantina, fantasticamente comentada polos profesores que nos acompañaron. Visitamos a fermosa praza maior de Villanueva de los Infantes, a prisión na que Cervantes puido comezar a escribir a súa obra universal en Argamasilla de Alba, Almagro co seu curral de comedias onde presenciámos unha orixinal e amena obra de teatro, no Toboso a casa de Dulcinea, as Lagunas de Ruidera, os imponentes muíños de vento, brancos coma o cal de Campo de Criptana, Tomelloso onde algúns vivimos unha verdadeira aventura para chegar ao lugar onde comer, a paisaxe de campos chans coas súas casas brancas intentando esquivar o sufocante sol, a xente tan amable

como un mozo do Toboso que moi cortesmente nos invitou á festa que celebraba a vila. Estas foron as imaxes que nos acompañaron durante toda a ruta, introducíndonos e compenetrándonos aínda máis coa obra de Cervantes e mais o espírito que posúen as terras manchegas.



A terceira xornada dedicámola ao Toledo amurallado: pateamos o seu trazado irregular perdéndonos entre as rúas empedradas e empinadas que caracterizan aos cascos antigos. Visitamos a obra do Greco, a catedral, unha

das tres catedrais góticas máis importantes de España, a visión cosmopolita da cidade ao te encontrares con sinagogas, mesquitas e igrexas na mesma rúa. Toledo, esa cidade enigmática que semella levarnos á sociedade cervantina, tamén contribuiría a darlle sentido á nosa viaxe. Alí realizamos a maioría das nosas compras, entre as que cómpre destacar as famosas espadas toledanas que máis dun levou á casa de recordo.

A última tarde pasámola en Madrid. Empezaríamos a volta despois de vivir uns días moi especiais observando novas paisaxes, coñecendo xente nova e convivindo entre compañeiros. Comprendemos todo o que aprenderamos nesta viaxe, a convivir todos xuntos, a respectarnos, a coñecer

novas formas de vida, a indagar no noso pasado, a comprender mellor a obra cervantina e, sobre todo, a disfrutar dunha fermosa viaxe.

Teño que facer unha mención de honra dos tres profesores que nos aturaron marabillosamente ben durante toda a ruta, introducíndonos no ambiente e na maxia dos lugares que percorríamos e intentando empaparnos da paisaxe coas súas descrições. Con eles compartimos risas, soños e conversas, e estou completamente segura de que sen eles a viaxe non sería tan máxica. Podo asegurar que todos nos sentimos enxeñosos fidalgos aqueles días.



Alumnado de 2º de bacharelato que realizou a ruta do Quixote en marzo de 2003, acompañado polas profesoras María Teresa Taboada e Mari Carmen Romero. Praza de Cervantes, Madrid.



Uxío Novoneyra ollando a serra desde a súa casa de Parada, no Courel (1996).
Debaixo, a xanela que daba ao acocho do seu tío Manuel Novo López durante a
Guerra Civil, seu padriño, que fora o alcalde do Courel elixido en 1936 polo
Frente Popular. Foto: Federico García Cabezón.

Día das Letras Galegas 2010



En 1992 Uxío Novoneira guiounos pola exposición do pintor Carlos Maside en Compostela.
Cartel anunciador da excursión

Vida e obra de Uxío Novoneyra



➡ XULIO CUBA OROSA
novembro de 1999

O Courel, a montaña máxica

Uxío foi un neno de aldea que naceu nunha montaña máxica, na serra do Courel. Dicar O Courel é dicir Uxío Novoneyra, ambos os dous nomes fundidos xa para sempre, como un elemento metálico ou mineral.

Para chegar alí podedes ir desde Pedrafita do Cebreiro ou desde Quiroga. Aquelas son terras altas, con cumes que superan os 1.500 metros; unha terra entre ríos, o Selmo, o Soldón, o Quiroga, o Sil que recolle todas as augas e o seu afluente o Lor, que nace na serra do Cebreiro e atravesa o concello. Abundan os bosques antigos como algunha vez encheron toda Galicia, que son dominio do lobo, o corzo e o xabarín, do raposo, o gato bravo e a donicela, da lontra, a aguiá, o miñato e o lagarteiro, do bufo, a curuxa e a víbora de Seoane.

*Serra aberta
inmensa antiga herencia!*

*Augas brancas da Rogueira!
Bouzas pechas d'uces e xestas!
Abrairas teixos faias xardois e reboleiras!*

*Outo bosco calado!
Fontiñas do corzo!
Carrozos picafondo!
Non hai outro templo máis vasto
nin outro credo que este silencio.*

Tamén está habitada desde antigo pola xente. Hai senlleiros rastros da Historia no monte Cido, fortificado polos romanos, onde apareceron a placa de hospitalidade do Carbero e unha aguiá imperial de bronce, pezas que se gardan no Museo Provincial de Lugo. Ata non hai moitos anos conserváronse pallozas. Pero quen mellor nos pode presentar O Courel é o propio Uxío; deixádevos guiar:

A serra do Courel cuadra no vértice convencional de tres provincias: Lugo, Ourense e León. Os seus tesos cumes son Formigueiros, Montouto e Pía Páxaro. Formouse no pregamento alpino e ten buzamento pró sul. Unha grande masa de pizarras cunha franxa caliza que vai de noroeste a sueste. A capa vexetal sobor das altas pizarras aparece cuberta de ucedo —gandras de uz— e algún



quiloutro carballo. E sobor das altas calizas: enciños e carballos mestos, argana e cerrelo. Nos vales fondos, souto pecho de castiñeiros, ourrelando casas, hortas, prados e agros, logo a franxa do xestedo con matas de carballos novos (rebolos), denantes do ucedo cimeiro que enseñorea a serra. Na beira dos ríos e carrozos i extremo dos hortos, prados e agros: pradairos, freixos, bidueiros, nogueiras e ameneiros. E árbores menores: abelaneiras (abrai-

ras no dicir de aquí), salgueiros, sabugueiros e sambunguís. Rompendo a tónica uniforme do ucedo da serra alta, algunha devesa (fraga) escapada das queimas seculares dos pastores gracias ó seu humedén natural. Destaca entre elas a Devesa da Rogueira, a máis belida e rica reserva botánica de Galicia, e non precisamente pola súa extensión. Na Rogueira abundan tanto as faias como os carballos corporentos (rebolos). Tamén os teixos, acivros (xardós ou xardois), abelaneiras, bidueiros e carnabudos ou capudres (serbal de cazadores). No alto vrao e principios de outono as cereixas de carnabudo destacan coloradas na verde tona do bosco virxe. En dicir do pai Merino¹, “a Devesa da Rogueira garda as galas da antiga edá”. Atravesando o seu trezado de carrozos e carreiros, fontegallos e fontes, a memoria amenta todo o pasado biolóxico traguido de sopetón por calquera recendo entre o pasmo dos ollos: Eiquí sempre foi bosco!”

Os anos mozos

Uxío naceu en 1930 en Parada de Moreda, nunha familia labrega que non pasou necesidade, nunha casa grande (→ poema nº 11). É fillo de José Novo e Manuela Neira. De súa nai aprendeu “a non mentir nunca e a conservar os soños”; a seu pai, José de Parada, grande camiñante, deulle sempre “grazas pola liberdade”. Desde moi neno Uxío tivo que aturar experiencias arrepiantes na guerra:

(1) O xesuíta Baltasar Merino, investigador fundamental da botánica galega, na súa monumental *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia* (1904-1909), describiu así a Devesa da Rogueira: «Conjunto de maravillas, pequeno estado que las conquistas del cultivo extensivo han dejado todavía libre, rico y exuberante. Recinto casi impenetrable, selva que, contando siglos de vida, conserva como nuevas las galas de su primera edad».



▲ Uxío cando tiña doce anos, fotografía no libro de escolaridade do Instituto de Lugo.

▼ Uxío nun debuxo de Carlos Maside en 1953, cando andaba a escribir *Os eidos*.



baranse convertendo nos principais poetas da nosa paisaxe, da Terra Chá un, do Courel o outro. Tratan con membros da xeración anterior, como Luís Pimentel, Ánxel Fole e Ramón Piñeiro.

—Os estudantes galegos de mediados de século, dado o silencio imposto pola Guerra Civil e a posguerra, non chegamos a oír pronunciar de labios dun educador ou de calquera outra persoa a palabra galeguismo. Ninguén deixou transcender diante de nós que houbera un movemento galeguista. Así, deuse o caso de que lin poesía castelá, hispanoamericana, europea, grecolatina, bíblica, exipcia, védica, chino-xaponesa e negra antes que poesía escrita en galego.

—Meu tío, meu padriño, Manuel Novo López, era o alcalde do Courel elixido en 1936 polo Frente Popular. Estaba fuxido, por eso me colleu de tan perto a Guerra Civil. Estaba escondido na miña casa e eu tiven que gardar ese segredo dos seis aos nove anos, incluso aos meus compañeiros, nenos coma min.

Á miña nai mandáranlle que me quitase un xersei vermello e non mo quitou. E entón, ao viren unha vez da feira, os falanxistas colléronme. Tería eu sete anos. Cunha navalla racháronmo riba da mesma pel. Leváron o xersei e creo que botaron un discurso na vila.

O *paseo* de Manuel de Ribadaira escribino corenta anos despois (→ poema nº 5). Levei o sucedido dentro, sen escribilo, corenta anos. No 76 escribinlle un romance irregular, marcadamente irregular, como facían antes algúns romances, é dicir, sobre feitos. Eu presenciei o pranto da nai ao sacalo da cova onde o guindaran os falanxistas. Presenciei o pranto da nai e das irmás, no medio da aldea, parecía unha escena da traxedia grega, toda a xente da aldea en circo, e elas facendo o pranto.

Uxío coñeceu na aldea o ritmo dos traballos labregos, a malla e o gadañar a herba, marcados por un ritmo binario que acabarán metidos nos seus versos.

Para estudar o bacharelato, marchou a Lugo entre 1945 e 1948, onde coincidiu con Manuel María. Ambos os dous amigos aca-


Xorde o poeta da terra

Con dezanove anos Uxío asiste como oínte a clases na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Complutense de Madrid; comeza a pronunciar recitais nas aulas e a publicar poemas en revistas universitarias. En 1952 volve a Galicia para cumprir o servizo



▲ Uxío Novoneyra paseando con Ramón Piñeiro na praza do Toural, en Compostela, en 1957.

▼ En Madrid, 1965.



militar (en Santiago, A Coruña e Lugo), onde volveu a coincidir con Manuel María; ambos os dous amigos entran en contacto cos galeguistas Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro e o pintor Carlos Maside, que se xuntan nos faladoiros do Café Español e o Derby e os motivan a escribir en galego.

De 1953 a 1962 permanece case inmovilizado no Courel por unha doenza bronquial e pleural mal curada que pillara nos cuarteis. É cando escribe *Os eidos*, confundido coa paisaxe, a xente e o paso das estacións. Este libro conságrao de contado como un renovador da poesía galega.

Foi, ademais, dos primeiros en usar publicamente o galego, que estaba prohibido e desprezado polo réxime do xeneral Franco: foi en Compostela, en 1957, cando recitou, con valentía e como se fosen seus, poemas dos trobadores galegos, o que chamou moito a atención.

Volve a Madrid en 1962. Traballa en programas culturais da radio e a televisión; chegou a dirixir do 64 ao 66 “Versos a media noite”, un programa de poesía que pechaba todos os días a programación de TVE. Leva unha vida bohemia e asiste aos faladoiros do Café Gijón co escritor Francisco Umbral e o pintor Tino Grandío. Mantivo relación tamén cos escritores galegos da súa xeración, os que naceron entre 1930 e 1940 e que formaban o grupo de esquerda nacionalista Brais Pinto: Xosé Luís Méndez Ferrín, Bernardino Graña e o pintor Reimundo Patiño, entre outros. Publica *Elegías del Caurel y otros poemas*. Aparece agora nos seus versos a temática social e política, nos que o poeta clama pola liberdade e a defensa do pobo:

*LIBERTÁ chamas nos ollos tristes nas caras do METRO
nos que xa perderon o futuro e ganan o pan con sobresalto
na gran cidade nos tesos cumes i en todo o silencio preguntado.*

Volve ao Courel en 1966 para atender os seus pais, que estaban enfermos. De 1968, ano revolucionario onde os haxa, son os seus poemas visuais “Vietnam canto” e “Letanía de Galicia”, nos que destacan a tipografía e o significativo silencio dos brancos. Cando os sucesos de Ferrol de 1972, dedica un poema a Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla García, os obreiros mortos pola policía franquista:

Ferrol, 8 da mañá 10/03/1972

*Erguéstesvos cedo aquel día
/ o costume do traballo /
mañá-cediño pra facernos ca vosa morte.*



Uxío Novoneyra coa súa muller, Elva, en Lugo (1974)

En 1973 casa con Elva Rey. Instálase en Compostela desde 1983. É presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega de 1982 a 1999. En outubro deste ano concédeselle o Premio Otero Pedrayo, convocado polas catro deputacións galegas, que comparte con Manuel María.

A morte do poeta prodúcese o 30 de outubro de 1999, o mesmo día que se lle ía tributar homenaxe en Compostela. O seu cadaleito, envolto na bandeira galega, foi velado no Panteón de Galegos Ilustres, ao carón de Rosalía, Castelao, Ramón Cabanillas, Domingo Fontán, Francisco Asorey e Alfredo Brañas. Desde alí foi trasladado ao cemiterio de San Froilán de Lugo, ao mesmo tempo que tanxían as campás das montañas do Courel, agardando —«cal se agarda no Courel»— que o poeta repouse entre os seus tesos cumes.

Obra de Uxío Novoneyra

“

Nada que non vivas o escribas.

Só se debera escribir o que un non pode calar.

*Un poeta debería aceptar a pobreza
na vez de comer na man dos poderosos.*

”

Estas tres ideas de Uxío aproxímannos a como concibía el a poesía, a máis alta función do ser humano: a de descubrir, gardar e doar. Non están mal, va que non?

“

*O maior herdo que me vén da literatura galega
son os poetas medievais, Pondal e Rosalía.*

”

Podemos dicir que o noso amigo é un poeta enteiro, teimudo na busca da palabra espida; enraizado no pobo, na tradición e na vangarda; máis próximo da sabedoría popular que da erudición; cunha obra concentrada, máis intensa que extensa, na que semella caber todo: unha poesía da paisaxe, da Terra, chea de todas as formas de vida (dimensión ecolóxica); unha poesía do eu de cada un (dimensión existencial, transcendental); e unha poesía de todos (dimensión política e social-patriótica).

O mundo de Uxío son estes tres mundos, coas alegrías e os problemas, nunha intensa unidade e relación, e do que todos podemos disfrutar con orgullo. Algúns dos seus poemas pódelos escoitar tamén en composicións de músicos galegos, nas voces de Miro Casabella, Emilio Cao, Pilocha, Maite Dono, César Morán e o grupo Na Lúa. ■

Os eidos, Editorial Galaxia, Vigo, 1955.

Elegías del Caurel y otros poemas, Editorial Rialp, Madrid, 1966. Libro bilingüe galego-castelán.

Os eidos-2. Letanía de Galicia e outros poemas. Ilustracións de Laxeiro, Ed. Galaxia, Vigo, 1974.

Poemas caligráficos, Ed. Brais Pinto, Madrid, 1979, Colección Cadernos da Gadaña nº 1. Libro prologado e deseñado por Reimundo Patiño.

Os eidos. Libro do Courel, Edicións Xerais, Vigo, 1981, Colección Grandes mestres (reeditado en 1985).

Muller pra lonxe, Deputación de Lugo, 1986. Ilustracións de Carlos Pardo Teijeiro. Reúne a súa poesía amorosa.

Do Courel a Compostela 1956-1986, Ed. Sotelo Blanco, Santiago de Compostela, 1988. Reúne boa parte de poemas de temática política.

Bazterrak/Os eidos I e II, Editorial Pamiela, Iruñea, 1988. Edición de Koldo Izaquirre. Versión bilingüe galego-eusquera.

Os eidos, Edicións Xerais, Vigo, 1990 (reeditado en 1991). Edición de Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco.

O cubil do xabarán, Edelvives, col. Ala delta, Madrid, 1990. Ilustracións: M. Quintana Martelo.

Tempo de elexía, Vía Láctea, col. Merlín e familia, Oleiros, 1991.

Gorgorín e Cabezón, Edelvives, Madrid, 1992.

Muestra mínima, col. Tediría, Málaga, 1992.

Poemas da doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras, Ed. Espiral Maior. A Coruña, 1994. Gravados de Carlos Prego. Fotos: Federico García Cabezón.

Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas (1998).

Dos soños teimosos, Noitarenga, Santiago de Compostela, 1998. Libro de entrevistas de Emilio Araújo con Uxío Novoneyra.

Ilda, o lobo, o corzo e o xabarán, Edelvives, Zaragoza, 1998.

Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes, Noitarenga, Santiago, 1999. Fotos: Federico García Cabezón.

Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas, A Coruña, Hércules Ediciones, 1999. Fotos: Federico García Cabezón.

Uxío e os nenos

✦ XOSÉ PÉREZ MONDELO

A Coruña, 10 de novembro de 1999



Uxío coa súa familia e a do fotógrafo Federico García Cabezón (1987).

Uxío e Elva teñen tres fillos: Branca Petra, Uxío e Arturo, tres bonitos nomes por certo, e moi suxestivos. Quizais fosen eles os que o levaron a escribir contos, quen o sabe? Ou tamén o afán didáctico —á parte do propio pracer de contar— que aniña en todo escritor galego, sabedor da necesidade que os nosos nenos teñen de ler e escoitar contos na súa propia lingua. É así como deberon xurdir os seus libros de contos para nenos *O cubil do xabarín* (1991), *Gorgorín e Cabezón* (1992) e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998).

Agora vos direi de que van estes contos, pero antes deixádeme que vos recite dous poemas que lles dedicou aos seus nenos. O primeiro, para a súa filla maior Branca, di así:



*No bicarelo do bico do brelo
canta o paxariño.*

*No mesmiño
bicarelo do bico do brelo.*

Bonito, a que si? A poesía tampouco hai que explicala moito pero, se alguén non o sabe, recordade que brelo vén significando póla ou ponla, e que bicarelo vén de bico, pico, curuto, a puntaña do brelo: alí mesmiño estaba a cantar o paxariño.

Para Elva, súa dona, e para o seu segundo fillo, Uxío, que ía nacer, escribe estes versos:

Neva
e non leva,
.....
Cai a neve a plomo
como nun ámeto pechado
cai a neve fóra.
.....
Xa non se oi o río.
Vai nacer outro Uxío
para que siga o Pasado.

Pero quizais un dos poemas máis conmovedores de Uxío sexa este que lles escribe aos seus tres fillos:

Branca Uxío i Arturo
quedaranse no Futuro
quedaredes no Futuro
pra que siga o Pasado
e ti Galicia a durar
anque se funda o lousado
e caia a neve no lar.
Anque se funda o lousado
e se descubra o faiado.
No cuarto en que fun nado
e no mesmo leito ha nevar.

Como vedes, é un poema que sobrecolle, mais tamén é esperanzado porque, malia todo, hai un canto de afirmación da vida humana e da permanencia do noso país. Mais imos ao conto, mellor dito aos contos, tal como vos prometera:

O cubil do xabarín é o primeiro conto que coñecemos de Uxío, un fermoso conto de aventuras: unha panda de seis arroutados rapaciños, un pouco fachendosos e destemidos de máis, adéntrase na bouza, camiño da alta pena onde o xabarín ten o seu cubil e cría. Preto xa do seu destino, vense sorprendidos polas costas polo xabarín e as crías e foxen co rabo entre as súas pernas, polo mesmo carreiro da ida. Tal medo pasaron que non pararon ata

chegar de volta, cansos e sen alento, e mesmo algún co pantalón mollado... Pasaron medo, mais orgullosos e fachendosos como eran, non quixeron falar moito deste asunto e “entre os relatos que fan das súas heroicas aventuras nunca está este do Cubil do xabarín”.

Gorgorín e Cabezón son tamén moi amigos, pero que moi amigos. Sempre a xogar, gustaban moito de se iren bañar, ás escapadas, por regatos e pozas. Un destes días que foron ao río ás escapadas, aparecéronselles os homes do saco, que andaban a roldar por aquelas paraxes na procura de nenos.

Gorgorín e Cabezón, amigos tamén de cachear os arredores, foron sorprendidos por estes homes, que os meteron de vez nos seus sacos, dos que se puideron ripar de milagre, grazas á súa habelencia e axuda mutua. Desde aquela nunca máis volveron escapar tan lonxe a enredar, a “aínda se fixeron máis amigos xa que, estando en perigo, loitaron xuntos pondo cada un o que o outro non tiña”.

Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín é o derradeiro conto que escribiu para vós, unha fermosísima historia de amor ambientada nas altas serras do Courel. Alí, nun castelo ergueito na alta pena, vivía Ilda, dona dunha beleza labrada a soidade e soños. Na súa saudade anhelaba partir lonxe, soñaba coa chegada dun cabaleiro ensoñado e irse con el lonxe, moi lonxe.

Para logralo fixo un pauto co lobo, co corzo e co xabarín, habitantes míticos daquelas serras, que a fermosa Ilda tiña presos nas gaiolas do seu castelo. Ela deixounos ceibes e eles prometéronlle que, a non tardar moito, aquelas terras habían ser outra volta farturentas para a caza e moitos cabaleiros habían vir pedir pousada no seu castelo... E de entre eles, o galán que lle ía dar amor, o mellor

mozo, aquel co que tanto soñara nos días de soidade.

Non vos digo máis, porque sei que axiña ides procurar este conto, pero xa me diredes cando o leades se non vos impresionou o adeus emocionado que lobo, corzo e xabarín, desde os altos cumes, lle deron á súa fiel Ilda.

Dinos Uxío que «non se sabe se Ilda, a doncela, é a mesma dona Ildara que inda hoxe, despois de varios séculos, anda en boca das xentes do Courel, onde quedan restos da torre e algún que outro lobo». O que sabemos de certo é que estará para sempre nos versos do noso admirado poeta:

*Ventana de Dona Ildara
prá banda da tara!
Castelo do Carbedo
sólo prá tarde no bico do penedo!*

Se non son as mesmas, concordaredes comigo en que Ilda, a doncela do conto, e dona Ildara, a lexendaria dona antiga do castelo de Carbedo, son semellantes no seu ollar: as dúas debruzadas na fiestra dos soños. Aínda nos fala o noso amigo poeta doutra dona lendaria e misteriosa destas terras: dona Briosa:

*No Carbedo Dona Ildara
Dona Briosa na Seara.*

Pero iso ímolo deixar para outro conto... e outra historia. As verbas de Uxío, os seus versos, os seus contos, son verdade nas terras outas e solas do Courel, tal como unha vez el dixo, pero tamén son verdade no corazón de todos os nenos que as escoiten. Pois todos os nenos sodes ou queredes ser como os rapaciños destes contos, amigos do xogo e da descuberta, de enredar ás escapadas e vivir as máis emocionantes e arriscadas

aventuras. E todos sodes tamén un chisco arroutados e temerarios, e tedes pasado ben medo, aínda que non o queirades recoñecer. Non é?

Vistes que tamén a amizade e o amor enchen de ledicia e de soños as súas vidas, e que un queredes quedarse para sempre con eles naqueles espazos abertos da serra, onde nenos e animais viven en harmonía e respectándose, axudándose en perigos e quimeras, pois todos teñen os corazóns arelantes e limpos, como nobre e xeneroso era o corazón do poeta noso que se nos foi.



Ruínas do castelo do Carbedo

Quixeramos seguir aquí escoitando estas historias, estas lendas que Uxío Novoneyra nos trouxo do Courel, na fermosa e vella fala que tanto amaba e que nos deixou como galano. Pero xa se nos fixo tarde de máis. El mesmo diríanos que non son horas para seguir con esta leria. Outro día habemos ler novos poemas seus que seguro vos han gustar tanto como estes contos de hoxe. Porque esta é a mellor homenaxe que lle podemos facer a un poeta: dicir os seus versos. Ler, escoitar os seus contos e poemas, vivilos, facelos parte de nós. Estes días alguén dixo unhas palabras nas que me gustaría que meditádes: «Escribiu e fíxonos libres». Que máis se pode dicir? ■

Homenaxes a Uxío Novoneyra

◆ HILARIO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
nadal 1999

Estes poemas breves, á maneira dos haiku, adicados ao vello e querido amigo Uxío Novoneyra —sempre no recordo—, chegaron a min un atardecer frío e con chuvia fina do mes de decembro, cando percorrendo os camiños da miña infancia dun neno de aldea en Outeiro de Courel, lembrei o seu último adeus. Xa moi maliño, díxome: «Perfecto, Hilario!». Na miña soidade e na contemplación das montañas, cos cumes nevados, viñeron á miña memoria, naquel vento, con caricia fría e co ritmo do silencio da terra, aqueles versos d'*Os eidos*, versos da esencialidade poética aos que o meu ser poético dialogante respondeu sincera e sinxelamente:

O ceo
o ucedo
os penedos
co cello do Inverno.

(Ao Uxío poeta total, ao home poeta, á súa poesía de sempre)

O Courel, súa voz
a palabra no tempo
e o tempo nela.

(E ao Uxío amigo, á súa humanidade e xenerosidade)

O escano na porta
a casa sempre aberta
o pan, o viño
... e os amigos!



Uxío, no escano da porta da súa casa en Parada do Courel.

UXÍO

A serra agarda calada,
sente a túa ferida.
O val tamén enmudece
e os ríos non romban.

O escano da Casa da Fonte
soña aloumiños da túa man quente
e o corredor devece polos teus pasos cansos.
O ollo do río ten as pálpebras pechadas
e o souto espreita sombrío.

Que voltes, pregan as anduriñas e os pastores,
son teus cavorcos e devesas,
os tesos cumes e as aguías,
os trigos e as searas.


Abre fiestras e alacenas,
recóllete nos cuartos á seriña,
acouga no silencio de madeira e sombra.

Abre outra vez a porta e o abrazo
a quen sobe a serra na túa procura,
estra sobre o mantel o pan e as palabras,
o sorriso aberto,
as túas ofrendas xenerosas.

Volta, amigo, por te deixar no alto,
en compañía amada,
na revolta do camiño
a túa man cun aceno fraternal.

E voltar ao val de ben asolagados!

Volver a volar
Quem de trás



Uxío Novoneyra. Foto: Xan G. Muras

Prenderei a lareira e arderei de amor aos devanceiros
Nas escaleiras,
ás portas das casas,
xúntanse todos os nomes,
todos os soños,
todas as lembranzas,
os nosos fálannos
con esa maneira tan súa de falárennos e ollárennos...
As Aguzadoiras, a Carrasqueira do Trouso, o Chao do Muín...
Os Eidos,
a Patria que nos fala,
a Vida, o Amor na palabra.
A Penela Branca fala de ti e O Boullón.
E falan como tu falas
a Herminia de Visuña
que sabe cantares mui vellos
a Amadora de Ferramulín
e Tía Felicitas
que di que ten máis anos que Matusalén
e Manuel do Bataneiro
e Miguel do Vao.
Baixou o Galeiro
e hai que levar as vacas ao monte.
Miña mai dime:
“Xaneiro xabreiro, febreiro porraqueiro,
marzo airoso, abril chuviñoso,
maio pardo, San Xoán claro,
Santa Mariña regaladiña para facer a gabeliña,
valen máis que as mulas e o carro”.
A raíz deste castiñeiro da Fonte da Ancada,
cuantos anos terá?
Cuantos anos ten esta terra de noso, que aínda é nova!
En Santa Uxía de Ribeira, lembrás?
Era o Día das Letras Galegas
adicado a Luís Pimentel, mañá de sol primaveral...
Chegaches con ese entusiasmo tan teu,
con esa forza, con esa luz...
E falaches: “Non podemos deixar de ser galegos,
así que debémelo ser conscientemente”.
E soaron as gaitas
e estalaron os bailes dos mozos e mozas na túa honra
e renaceu a patria aquela primavera
e nós no lume da túa palabra,
xa para sempre ardendo...

“Volven os pobos!”

Estas son as palabras, de ánimo e de esperanza, pronunciadas por Uxío Novoneyra previas ao derradeiro recital que nos pronunciou. Foi o 6 de maio de 1992, no Instituto Ánxel Casal (Monte Alto, A Coruña), homenaxeando ao poeta Fermín Bouza Brey. Transcribímolos literalmente. Fotos: Manuel Graña.



Quizabes no futuro —se é que hai futuro—, cando Galicia —no futuro— sexa un país normalizado, se falará desta época: de cando se celebraban as letras galegas e os poetas e os escritores viñan aos institutos —como eu veño hoxe— a axudar aos profesores a soste a lingua. Pois, que sería do libro galego sen a invitación á lectura dos profesores?

Segundo no pasado preautonómico eran os poetas e os escritores en lingua galega os que sostían a tensión da lingua para responsabilizar dela ás mocidades, agora son os profesores de ensino medio —algús profesores— os

que levan esa loita. E nós vimos simplemente a axudalos na súa vasta mobilización a prol da lingua propia e na mitificación da nosa literatura.

E preguntamos: Por que esta pequena mitificación? Como nada do que pasa é gratuito, a mitificación da poesía e da creación literaria galegas é porque eles, os poetas e os escritores, foron os pioneiros da conciencia e da identidade de Galicia, os defensores da lingua propia do país, os que primeiro volveron a usala na escrita, por ser o máis claro sinal de identidade, o máis incontestable argumento da nacionalidade.

Como dicía Fernando Pessoa, “a

minha pátria é a língua portuguesa”. Eiquí, como a lingua foi por séculos só falada, poderíamos dicir que a patria é a fala. E o que temos en común é o que temos en común, o que nos liga —se é que aínda se senten estas cousas entre o zumbido do furor consumista que nos devolve ao fatuo, innominado, á depredación fomentada dos recursos do planeta—.

Eiquí estamos celebrando as letras da nosa lingua, da nosa diferenza, o verbo orixinario, depositario da memoria común, gardador da nosa inmortalidade, da única pervivencia máis alá da memoria personalizada, a relixión inevitable, pois só somos pasado. E a lingua é a memoria do pasado común. Por iso se di que a lingua propia vale para algo máis que para comunicarnos: vale para unirnos e gardarnos.

En fin, que a lingua é a nosa unión aínda que nos creamos sós, e a nosa única pervivencia aínda que nos creamos mortais. Por algo os pobos defenden a súa identidade na forma da súa lingua. Por algo non envellece o sentimento de nación. E no caos da Historia, no que ás veces todo se derrumba en pouco

tempo, cando os imperios máis fortes e máis poderosos e as ideoloxías máis estendidas e razoadas, ao cabo, desenganados de todo, as xentes sempre se quedan coa súa nación, co seu pasado profundo, para non perderse de a feito e sentir a única permanencia certa. Que conste que eu non pensaba pórme tan serio, pero o sagrado, se se toca, xa se sabe...

En concordancia con isto, o meu libro máis coñecido e o primeiro, *Os eidos*, escrito cando descubro que a miña fala, a fala da infancia, é a miña lingua, ese libro busca en todas as cousas da serra unha antiga presenza e atopa a Galicia, que nos fixo a todos atoparnos coa Terra e coa lingua, que xa saía da Terra, aprendida século a século. Moitas veces e case que só, eu, cando escribo *Os eidos*, encontro algún tesouro soterrado, riqueza que todos levamos, o herdo que ninguén nos pode quitar ou que ninguén debера deixarse quitar, a súa máxima riqueza, o herdo común de cada un e de todos. Por iso volven os pobos, cun sentido de pertenza, demasiado profundo para ser esquecido.

E agora si que comezo *Os eidos*...■



Entrevista con Uxío Novoneyra



“Cada xeración salvará a Galicia”

Nesta conversa Uxío respóndenos a canto lle preguntamos referido á súa poesía e a Galicia. É unha boa ocasión para entendermos moitas cousas da súa obra e da súa persoa.

• OLGA PATIÑO

—**Cando comezas a escribir?**

—Comecei a escribir versos aos dezoito anos, cando remataba o bacharelato na cidade de Lugo en 1948, e, simultaneamente, a ter interese pola literatura, máis ben paixón pola poesía, o cal xa excede o puramente literario. É como darse a un mester máximo, único, que

pode xustificar unha entrega tan total. Non o puro exercicio de escribir, senón un estado de gracia e pulo case que continuo, xunto a non sei que oficio da pureza e da verdade, cuxo empeño superaba, ralvaba ou desbotaba calquer continxencia ou reclamo que sen estar xa levado serían poderosos.

—**Que querías ser de maior?**

—De neno quería ser mozo. Supoño que ao non saber certo doutra cousa,

querería ser mozo labrego: labrador, cazador, pastor e amante na serra vasta e profunda. Entonces un mundo case ilimitado para min e perigoso. Quizais por iso quería ser mozo...

—Como foi a educación que che deron teus pais?

—Meus pais déronme a máxima liberdade, xa que eu non era un desrendado. Como non o fose interior...! Lémbrome que, logo, cando no seu pasamento quedaba ás veces só velando a meu pai, coa tensión que dá ise trance, repetíalle: — Gracias pola libertá, gracias pola libertá... Eu tiña unha sensibilidade para a Terra e para o ambiente exterior como pode ter un animal non humano ou un home primitivo que non tivera inda deus nin temor remoto, e que lera todo no aire e non tivera que desentrañar máis que o que tiña diante dos ollos e da mirada interior.

—Conxugaches a soidade e a poesía coa fama.

—O bo da fama é ese enlevo que fai doado soportar a longa vela e agarda da poesía. Fama obriga. Fun bastante famoso cando máis gusta selo: dos vinte-cinco aos trinta anos. Algo nos adormece tamén. Mais, para que apurar demasiado todas as posibilidades no tempo de soñar, no tempo que inda se soña? Total, despois, os ben soñados soños lémbrense máis que os feitos.

—De onde vén a túa relación coa política?

—Tiven sempre unha gran paixón política. Xa era antifranquista aos seis anos, cando pasearon a Manuel de Ribadaira, meu veciño, que tiña vintetrés, e cando meu tío e padriño, alcalde do Courel, se escondía na miña casa, e cando me cortaron os falanxistas a punta de navalla riba da pel e levaron meu xersei vermello. Por iso algús dos meus poemas políticos dan descargas.

—Que corrixirías da túa vida?

—A miña vida quizabes non seña xusta á miña medida. Inda os aparentemente máis predestinados para algo temos tamén todas as posibilidades de non selo. Pero se non a vivise así como foi, eu sería outro e non iste a quen ti lle fas estas preguntas. Somos fillos, tanto como dos nosos pais, da nosa Terra, do noso pobo, da nosa lingua, da nosa educación e tamén da nosa vida exterior e interior. Se sempre teimamos en vivir sincera, pura e responsablemente, nada hai que corrixir. Da miña vida cambiaría algunhas cousas: que non sempre decida o cempre poder, e que se mire a Historia como un pesadelo do pasado e un mal agoiro do futuro.

—A relixión.

—Tiven unha forte crise relixiosa aos dezasete anos e logo a poesía religoume co mundo e a lingua, co meu propio pobo e cos antepasados.

—O teu carácter.

—Teño un entusiasmo non iluso, interrompido por algúa quiloutra forte caída. Escribindo poden parecer ás veces pesimista, porque cando son feliz, ou medianamente feliz, non escribo, vivo. Sóese escribir máis en forte ponto. Máis que o que se gaña, cántase o que se perde, como dicía don Antonio.

—Os teus poetas preferidos.

—Tantos son os por min escolleitos, tantos os poetas e trobadores nosos e de tantos pobos que nomear a un só sería esquecer todos os demais que igualmente me dixeron muito do mundo e da vida e da gracia, do amor, da soidade e da morte. Gústanme especialmente os antigos, os primitivos, os orientais, os románticos, os místicos, os nórdicos, os surrealistas, os populares anónimos, os americanos, os irlandeses, os clásicos... Todos me fan sentir do seu pobo e do seu tempo. E inda tendo que los tradu-

cidos, chéganme. Dos galegos, os trobadores, os populares anónimos, os precursores e os innovadores. Lin menos, desproporcionadamente menos, prosa.

—**A música.**

—Gústame a música popular galega e a música popular e culta doutros pobos, mais, igual que lle pasou á maioría dos estudantes do meu tempo, non tiven unha sequera discreta educación musical. Gústame o jazz e influíu nos meus poemas orais “Vietnam canto” e “Letanía de Galicia”.

—**Contribuíches á descuberta da figura de María Mariño, poetisa noíesa que pasou os vinte derradeiros anos da súa vida no Courel.**

—En María Mariño Carou vin como a palabra propia nos axuda a descubriros, a autodescubriros, a coñecernos. Ao tratarse dunha muller de educación popular e cultura non libresca, evidenciou a intensidade, profundidade, decisión, aguda conciencia temporal e histórica e patetismo interior da alma galega. É un verdadeiro documento dun tempo agónico: as dúas guerras mundiais e a civil, non preparado con intención ideolóxica disimulada.

—**A túa xeración pode salvar a Galicia?**

—A Galicia calquera xeración pode salvara. E terá que seguir salvándoa cada nova xeración. Pero o pobo galego, en xeral, ten pouca conciencia e decisión nacional. Afíxose a estar sometido e deuse a un permanente sálvese quen poida. Por iso a terra é abonada para o clientelismo político. Isto que digo xa é un tópico a por de tanto e tanto tempo ser así. Aínda que hai unha minoría alertada desasistida.

—**Como ves a Galicia de hoxe?**

—Politicamente desorientada. Clientelismo recoñecido por todos e, como tal, carencia de moral pública. Pouco

rigor na calidade da produción. Non vexo como pode afrontar o chamado reto europeo, cando que os seus produtos son coincidentes con aqueles que son excedentarios nos grandes países que lideran a comunidade e cuxa dureza mercantilista non perdoa.

A poboación de Galicia, aunque non ao ritmo dos anos sesenta e setenta, seguiu decrecendo. O aumento das vilas e cidades non paliou a caída da poboación labrega. Tamén entraron en crise dende hai unha década os grandes núcleos industriais —Vigo e Ferrol— e sectores como a pesca e o sector lácteo, os dous que dan máis ocupación. Demostrouse que o medo á entrada no Mercado Común non era un falso temor dos partidos nacionalistas. Fai desconfiar o feito de que Europa nos pague para que se baixe a produción de leite, tan propia de Galicia. Todo indica que non se está prevendo e preparando o futuro, e que todo é palabrería política tanto por parte da Xunta como do Goberno do Estado.

—**Interésanos a túa visión da educación.**

—Hai que galeguizar a ensinanza básica, media e universitaria, polo menos na mesma medida que se catalanizaron en Cataluña. Xornada única, de mañá ou de tarde. Responsabilizar máis aos profesores no fracaso escolar e promocionalos segundo os seus logros como ensinantes. Dotar mellor a todos os centros. Educación humanística e ética en todos os niveis, e de coñecemento e práctica da lingua propia da comunidade aos que inda non estudan nela.

—**Os escritores.**

—Ningún escritor nace, mais o seu facerse tampouco depende do seu só empeño, senón da intensidade das súas vivencias e da profundidade das crises de crecemento, moitas veces anteriores ao tempo da escrita, cando máis se con-

figura a personalidade. E depende quizabes máis da súa educación previa que da educación áulica. E menos aínda da puramente literaria.

E non digamos da capadura lingüística instaurada polos normativistas, apoiada polo poder e con gran capacidade de marxinación, así como a dos normativistas reintegracionistas a eles enfrontados.

—**A política editorial.**

—Hoxe poucos textos valiosos tein por que quedar sen ser publicados, pois case que se pode falar dunha inflación de editoras para textos en galego. Pero algún escritor sempre pode quedar desatendido, marxinado, en tanto que doutros se editan libros e libros. Moitas veces, libros vans ou libros apresurados aos que a voracidade por estar presente os frustran.

—**Es un poeta da natureza.**

—Incidín na Natureza-Terra por vivir toda a infancia, a adolescencia e gran parte da mocidade e a madurez nun medio natural tan relevante como é ese, un medio natural de gran relevo... Anque abondaría con haber nacido e vivido tanto nel. Telo vivido tanto!

—**Que che influíron máis, as experiencias lidas ou as vividas?**

—Sempre recibín máis da vida que da literatura. Sempre estimei a experiencia de primeira mao, exterior ou interior. Non fun un lector precoz. Nin hoxe son un gran lector. Son un lector maniático e reincidente, pois leo case que só poetas e a iles é normal volver. Como me dixo hai un terzo de século un rapaz de Lugo nunha feira do Courel: —Ao que non lle gusta a poesía está tolo.

A primeira biblioteca á que fun foi a do Círculo das Artes de Lugo, aos deza-

oito anos, cando era socio polo dos asaltos [bailes de alta tarde]. Nela empecei a ler con certa asiduidade. Onde lin moito, e só poetas, foi na Biblioteca Nacional en Madrid. Logo, xa no cincuenta e tantos, Manuel María e Ramón Piñeiro tiveron a xentileza de surtirme de libros cando estaba metido no Courel, cando escribía *Os eidos*. Claro que estaba tan metido, fora tan collido pola Terra que apenas os precisaba, debrocado como estaba nela e nos soños.

—**Os temas.**

—Suxírense a si mesmos. Era unha contemplación sorbedora, surpadora, na que algo se lle pedía á Terra, que fose basamento da sustentación perdida ao perder a fe. Quizabes fose eso. Ou era a Terra, ela, a que viña colmar tanto amor e pasmo, e pregunta pola súa forma e figura. Era como unha mutua, doada interinfluencia plena, na que tanto un pedía tanto tiña dela, toda volta forma accesible, silencio achegado.

Na Biblioteca Nacional, en Madrid, sendo estudante, lía os poetas orientais xunto cos das antigas civilizacións e os primitivos en versións castelanas do francés e o inglés. Atraguíanme. Eran reflexivos e sintéticos uns, e tiñan como unha distancia e respecto das cousas como se non fosen asoballadas polo home. A mesma distancia da súa cultura respecto da nosa aumentaba o interese. Por outro lado, ao fondo de min había un rapaz labrego galego, non un occidental positivo. Eu que sei? ■